

Nesta unidade realizaremos unha análise sinxela da situación económica, financeira e patrimonial, dos resultados obtidos e da rendibilidade da empresa. Para este desenvolvemento, apoiámonos nos conceptos xa aprendidos na unidade 10. Estudaremos tamén a fiscalidade das empresas.

TEMA 11: Análise económico – financeira e fiscalidade

1. Análise económico - financeira dos estados contables

Os estados financeiros, tamén denominados estados contables ou informes financeiros sintetizan a información contable. Son as contas anuais e algún outro.

Como vimos no tema anterior, existen múltiples **destinatarios** da información contable: accionistas, directivos da empresa, traballadores, sindicatos, acredores, provedores, sector bancario, a administración pública, competidores, ...

A análise económico–financeira é un proceso no que se aplican un conxunto de técnicas ou instrumentos que teñen como finalidade **diagnosticar cal é a situación actual e prognosticar o futuro** da empresa mediante técnicas cuantitativas que axuden a eses *usuarios* á **toma de decisións**.

A análise contable ten dúas caras: unha **estática** e outra **dinámica**. É dicir, pode mostrar un momento determinado da empresa ou a súa evolución.

Para facer a análise contable utilízanse diversos instrumentos. O máis utilizado é o método dos ratios.

ALGUNHAS TÉCNICAS OU INSTRUMENTOS DA ANÁLISE CONTABLE

- VARIACIÓNS OU DIFERENZAS ABSOLUTAS E RELATIVAS: son os aumentos ou diminucións nunha masa patrimonial en cantidade total ou en tanto por cento. Por exemplo:

ACTIVO	Ano 1	Ano 2	Variación absoluta	Variación relativa (%)
Non Corrente	5.000	5.200	200 ⁽¹⁾	4 ⁽²⁾
Corrente	800	700	-100	-12,5
TOTAL ACTIVO	5.800	5.900	100	1,7

⁽¹⁾ 5.200 – 5.000

⁽²⁾ 200 / 5.000

- PORCENTAXES: Tanto por cento de cada masa patrimonial de activo ou pasivo con respecto ao activo total ou pasivo total respectivamente. Por exemplo:

ACTIVO		%	PASIVO		%
Non Corrente	5.000	86,2	Patrimonio neto	3.000	51,7
Corrente	800	13,8	Pasivo non corrente	2.000	34,5
			Pasivo corrente	800	13,8
TOTAL	5.800	100	TOTAL	5.800	100

- REPRESENTACIÓNS GRÁFICAS: de barras, circular,...
- RATIOS: cociente ou razón entre dúas magnitudes. Son indicadores, hai que **interpretar o seu significado**: pódense comparar co seu valor ideal, co valor dun competidor de semellante tamaño, co valor da empresa líder do sector ou co mesmo ratio da empresa noutro momento.

TIPOS DE ANÁLISE CONTABLE

- Análise patrimonial**: consiste en observar que as masas patrimoniais presenten unhas correlacións que garanten o funcionamento da empresa.
- Análise financeiro**: análise da solvencia e de liquidez. Trátase de observar que a empresa estea en disposición de facer fronte ás obrigas nos prazos establecidos.
- Análise económico**: consiste en comprobar a evolución da rendibilidade da empresa.


A garantía de continuidade dunha empresa lógrase cando se consegue o **equilibrio** patrimonial, económico e financeiro.

Na análise patrimonial estudaremos o FONDO DE MANOBRA e as situacións patrimoniais.

2. Fondo de manobra. Concepto, significado e importancia para as empresas.

O **fondo de manobra** (FM), **fondo de rotación**, **working capital** ou capital corrente é o excedente dos recursos permanentes (fondos propios + esixible a longo prazo) sobre as inmovilizacións ou investimentos a longo prazo. É dicir, son os **recursos financeiros permanentes que financian o activo corrente**.

Graficamente, expresámolo do seguinte xeito:



O Fondo de Manobra pódese definir e calcular de dúas maneiras:

- É a **parte do Activo Corrente que está financiada con Recursos Permanentes (RP)**. É dicir, que o capital co que se obtivo a parte do Activo corrente que representa o FM devólvese a longo prazo ou nalgúns casos nin sequera fai falta devolvêlo, pois non é esixible ao formar parte dos Recursos propios. Os recursos permanentes son o pasivo non corrente e o patrimonio neto.

Segundo esta definición $FM = AC - PC$.

- Tamén se define como a **parte do Pasivo non corrente e Recursos propios que financian o Activo corrente**. A parte do Pasivo non corrente e recursos propios que non financian ao Activo non corrente e que, polo tanto, financia ao Activo corrente.

Segundo esta definición, $FM = RP - ANC$. (Recursos Permanentes - Activo Non Corrente).

Dende un punto de vista teórico, a utilidade do fondo de manobra céntrase na súa capacidade para medir o **equilibrio patrimonial** da entidade

Un **FM positivo** (activo corrente maior que o pasivo corrente) acredita a existencia de activos líquidos en maior contía que as débedas con vencemento a curto prazo. Significa que os recursos permanentes financian todo o activo non corrente e tamén parte do activo corrente, o que se pode **asimilar a un investimento a longo prazo**: o stock de seguridade das existencias, os saldos mínimos de clientes ou os saldos mínimos de caixa e bancos que permiten facer fronte aos pagamentos inesperados e pouco importantes. A empresa conta cun certo marxe de manobra, xa que co seus activos correntes (liquidables a curto prazo) pode pagar tódalas débedas a curto prazo y aínda lle sobra algo.

Se o **FM é negativo**, o Pasivo corrente é maior que o Activo corrente: neste caso é urxente aumentar o AC para poder devolver as débedas a curto prazo. Isto pódese conseguir con medidas como vender parte do inmovilizado (Activo non corrente) para conseguir Dispoñible (Activo corrente), endebedarse a longo prazo, renegociar débedas ou vender activos non correntes.

Nalgúns negocios o FM negativo ou moi pequeno é normal, como os hipermercados, onde os provedores cobran máis tarde que pagan os clientes, (estes normalmente ao contado). Fóra destes negocios, un FM negativo é un indicador de problemas financeiros.

En consecuencia, e dende un punto de vista teórico, a utilidade do fondo de manobra céntrase na súa capacidade para medir o equilibrio patrimonial da entidade.

EXEMPLO:

A situación patrimonial da empresa NEXUS ao 31 de decembro de 2014 é a seguinte:

ACTIVO		PATRIMONIO NETO + PASIVO	
Activo non corrente	16.000	Patrimonio neto	7.150
Activo corrente	7.750	Pasivo non corrente	10.950
		Pasivo corrente	5.650
Total activo	23.750	Patrimonio neto + pasivo	23.750

Determinar o fondo de manobra:

$FM = \text{Activo corrente} - \text{Pasivo corrente} = 7.750 - 5.650 = 2.100 \text{ €}$.

No 2014 o fondo de manobra é de 2.100 €, a empresa está en situación de estabilidade financeira, debidamente capitalizada, xa que o activo corrente está totalmente financiado con recursos permanentes. A empresa non vai ter problema para facer fronte ás débedas a curto prazo.

3. Análise patrimonial. Equilibrio total, estabilidade, desequilibrio e desequilibrio total. Concepto, representación gráfica e consecuencias.

Existen diferentes estruturas patrimoniais nas que se poden atopar unha empresa nun momento determinado do tempo.

1. **Estabilidade financeira total.** Situación en que o activo non corrente e o activo corrente están financiados na súa totalidade por recursos propios, non existe pasivo, **non hai débedas**.

Máxima estabilidade

Activo total	Patrimonio Neto
--------------	-----------------

Pasivo Esixible = 0

Esta situación adoita coincidir co momento da constitución da empresa.

É unha situación ideal en termos de equilibrio financeiro, por que existe plena autonomía do exterior pero esta estrutura non ten que ser necesariamente unha posición óptima:

- Pode existir a imposibilidade de afrontar novos investimentos.
- Non se produce o efecto multiplicador que sobre a rendibilidade financeira puidese supoñer os recursos alleos.

2. **Estabilidade financeira normal.** Os recursos permanentes financian o activo non corrente e o fondo de manobra é positivo, a empresa está debidamente capitalizada e afastada do concurso.

Situación de equilibrio

Activo non corrente	Patrimonio Neto
	Pasivo non Corrente
Activo corrente	Pasivo Corrente

FM > 0, Fondo de manobra positivo

Activo non Corrente + Fondo de manobra = Recursos permanentes (Patrimonio Neto + Pasivo non Corrente)

3. Desequilibrio financeiro a curto prazo

Situación de desequilibrio a curto prazo

Activo non corrente	Patrimonio Neto
	Pasivo non Corrente
Activo corrente	Pasivo Corrente

FM < 0, Fondo de manobra negativo

Nesta situación o pasivo corrente financia activos non correntes; o fondo de manobra é negativo. Pode poñer en perigo a capacidade da empresa para facer fronte ás súas obrigas de pagamento a curto prazo. **Problemas de liquidez**. Posible situación de concurso.

4. **Desequilibrio financeiro a longo prazo.** Este é o caso de grande inestabilidade financeira, xa que a empresa se atopa descapitalizada (non ten recursos propios), e todo o seu financiamento é esixible; atópase nas mans dos acredores.

A distancia que separa a empresa da insolvencia definitiva é mínima. A empresa non conta con recursos propios, que foron absorbidos polos sucesivos resultados negativos.

Situación de desequilibrio a longo prazo

Activo Total	Pasivo (Esixible)
--------------	-------------------

A empresa atoparase en concurso, e está moi próxima a desembocar nunha situación de liquidación. Falta de solvencia: a empresa non é capaz de afrontar as súas débedas de pago. **Patrimonio Neto = 0**

5. **Inestabilidade financeira grave.** A empresa sufriu un proceso paulatino de descapitalización que absorbeu totalmente o Neto. É unha situación de concurso de liquidación, xa que os acredores non poderán cobrar a totalidade dos seus créditos como consecuencia do déficit de recursos propios.

Situación de liquidación

Activo Total	Pasivo (Esixible)
Perdas	

Patrimonio Neto < 0

Resumo:

SITUACIÓN PATRIMONIAL	CAUSAS	CONSECUENCIAS	SOLUCIÓN
1. Estabilidade financeira total.	Exceso de financiamento propio (é o único).	Total seguridade pero o endebedamento podería mellorar a rendibilidade	Endebedarse moderadamente.
2. Estabilidade financeira normal	FM positivo: $AC > PC$	Situación ideal	Vixar que o FM siga sendo positivo
3. Desequilibrio financeiro a c/p	FM negativo: $AC < PC$	Non pode pagar as débedas a c/p: falta de liquidez	Ampliar o prazo de pagamento a provedores e planificar a tesourería
4. Desequilibrio financeiro a l/p	Acumulación de perdas que fai o $PN = 0$	Descapitalización. Pouca solvencia	Renegociar as débedas e aumentar o capital
5. Desequilibrio financeiro máximo	Acumulación de perdas que fai que $P > A$	Descapitalización: total insolvencia.	Difícil solución. A empresa desaparece.

Que é a solvencia? É a capacidade da empresa para atender todas as súas débedas, sexa cal sexa o seu vencemento. Cando unha empresa é insolvente cando non pode pagar as súas débedas nin con vender todo o que ten.

Que é a liquidez? É a capacidade da empresa de poder facer fronte aos seus compromisos de pagamentos a curto prazo. A liquidez é unha medida de solvencia a curto prazo.

4. As medidas legais: o concurso de acredores.

O concurso de acredores denomínase "bankruptcy" nos Estados Unidos. Con frecuencia é traducido erroneamente por "quebra", cando non indica necesariamente unha liquidación do patrimonio.

Ata o ano **2004**, cando unha empresa tiña problemas de "iliquidez" e non podía afrontar as súas débedas a curto prazo estaba en "**suspensión de pagamentos**". Se vendendo todo o seu activo non podía afrontar o pasivo esixible (problemas de insolvencia) a súa situación era de "**quebra**".

A partir da Lei 22/2003, do 9 de xullo ("**Lei Concursal**"), a nivel legal ambos os dous conceptos desaparecen e ante un problema de illiquidez ou insolvencia iníciase un **único procedemento** denominado **concurso**.

O **concurso de acredores** é un proceso que serve tanto para un problema de liquidez ou de insolvencia no patrimonio dunha **persoa física** ou dunha **empresa**.

Fases do concurso:

- Inicio do proceso.** O concurso pode ser **voluntario** (solicitado polo debedor) ou **necesario** (a instancia do acredor).
- Avaliación da situación.** Os administradores determinarán nun prazo de dous meses o conxunto de bens e dereitos da empresa (masa activa), destinado a satisfacer aos acredores (masa pasiva), finalmente emitirán un informe. A empresa insolvente pode realizar unha proposta anticipada de convenio de acredores, que permite poñer fin ao concurso sempre que sexa aprobado por estes e o xuíz.
- Solución do proceso.**
 - Concerto.** Páctase un acordo cos acredores para reducir o importe da débeda, (quita ou perdón) e para aprazar os pagamentos (espera). Dá tempo á empresa a recuperarse, se os administradores acreditan que pode ser viable. O obxectivo principal é lograr que a empresa siga en funcionamento, o normal é que continúe a súa actividade. Por iso nalgúns casos os acredores poden tardar en cobrar ou reducir a cantidade esixida. Só en casos excepcionais o concurso irá á liquidación da empresa.
 - Liquidación** da sociedade. Cando non é posible un acordo cos acredores ou non se cumpre o convenio pactado, ou se a empresa quere a liquidación. Orde de preferencia para cobrar, sempre os máis débiles.

5. Análise financeira: Principais ratios de liquidez, solvencia e endebedamento.

A **análise financeira** do balance proporciona información sobre a situación dos recursos ou fondos utilizados para desenvolver a súa actividade económica e se son aplicados no activo correctamente.

O **equilibrio financeiro** virá dado cando a empresa teña posibilidade de dar resposta ás súas débedas coa liquidez dos seus activos. Supón analizar as fontes de financiamento que deberán ser as axeitadas aos investimentos que a empresa realice.

Para realizar esta análise, apoiámonos nas ratios, establecendo relacións por cociente entre as distintas masas patrimoniais. Cos resultados obtidos, pódese determinar o estado en que se atopa a empresa, podendo tomar as medidas correctoras, se é o caso, para restablecer os equilibrios patrimoniais.

Os valores recomendados que imos dar deben entenderse **orientativos** e como referencias para a análise, xa que o diagnóstico depende moito do sector de actividade e das características concretas da empresa que se está a analizar.

Existen sectores nos que se cobra moi rápido -ao contado- e se paga moi tarde e con moita flexibilidade, polo que os riscos de insolvencia non existen, aínda que os ratios estean por debaixo do recomendado (hipermercados e cadeas comerciais).

Tamén hai que ter en conta a maior ou menor facilidade de converter en vendas as existencias da empresa ou a calidade dos dereitos de cobramento (posibilidade de non pagamento, prazos de cobramento, garantías esixidas aos clientes, etc.).

Polo tanto, os ratios dannos indicios acerca da situación actual e real da empresa, pero sempre hai que **comparalos coa media do sector e coa evolución dese ratio no tempo, para obter conclusións.**

RATIOS DE EQUILIBRIO FINANCIERO A CURTO PRAZO:

Nome	Fórmula	Valor ideal
Ratio de dispoñibilidade	$\frac{\text{Efectivo}}{\text{Pasivo corrente}}$	Varía moito. En xeral entre 0,20 e 0,30 Efectivo = caixa + bancos
Ratio de tesourería ou test ácido	$\frac{\text{Realizable} + \text{Efectivo}}{\text{Pasivo corrente}}$	1 ou lixeiramente por debaixo (0,8) Se é moi inferior a 1, haberá problemas de liquidez. Se é superior a 1 haberá recursos ociosos. Realizable = Activos que se poden liquidar a curto prazo (Debedores)
Ratio de liquidez	$\frac{\text{Activo corrente}}{\text{Pasivo corrente}}$	2 aproximadamente Se é 1 haberá risco de concurso (FM = 0) AC = Existencias + Realizable + Efectivo

Se os valores son menores, la empresa pode ter **problemas de liquidez** ao non ter activos líquidos para facer fronte ás débedas a curto prazo. Medidas:

- Desconto de efectos ou factoring
- Cobrar ao contado (incluso con descontos)
- Liquidar activos prescindibles como accións
- Vender máis (facer promocións, descontos,...)
- Reducir PC, por exemplo renegociando débedas de curto a longo prazo.
- Demorar pago de débedas con xuros baixos.
- Pedir un préstamo a l/p.
- Renegociar a débeda cos provedores (perda de credibilidade, moi negativo)

Se estes valores están moi por riba, tería recursos **ociosos e perdería rendibilidade**. Medidas:

- Amortizar débedas (as de maior custe financeiro)
- Facilitar as vendas financiando as compras dos clientes.
- Investir na empresa (novos investimentos)
- Investir en activos financeiros (accións, Letras do Tesouro,...)
- Se se debe a "demasiado almacén", mellorar a xestión (JIT,...)

RATIOS DE EQUILIBRIO FINANCIERO A LONGO PRAZO:

Nome	Fórmula	Valor ideal
Ratio de garantía, solvencia ou distancia á quebra	$\frac{\text{Activo}}{\text{Pasivo}}$	Sempre debe ser maior que 1, así están garantidos todos os compromisos Un ratio menor de 1 supón o concurso Un índice de 2 significa que a metade do activo é financiada por fondos propios e o resto por recursos alleos.
Ratio de endebedamento	$\frac{\text{Pasivo}}{\text{PN} + \text{Pasivo}}$	Entre 0,4 e 0,6 Superior a 0,6 supón un endebedamento excesivo. As débedas poden supoñer como máximo un 50% ou un 60% de todo o financiamento.
	$\frac{\text{Pasivo}}{\text{Patrimonio neto}}$	1,5 Aprox.
Ratio de autonomía financeira	$\frac{\text{Patrimonio neto}}{\text{PN} + \text{Pasivo}}$	Canto maior máis autonomía
Ratio de calidade da débeda	$\frac{\text{Pasivo corrente}}{\text{Pasivo}}$	Inferior a 1, así haberá máis débedas a longo que a curto. Canto menor é o ratio, mellor é a calidade da débeda. Interesa ter tempo para devolver as débedas.
Ratio de inmovilización	$\frac{\text{Activo non corrente}}{\text{PN} + \text{PNC}}$	Inferior a 1 Os capitais permanentes deben financiar non só ao activo non corrente, tamén a parte do activo corrente.

Falta de solvencia: A empresa está moi endebedada. Debe buscar aumentar os recursos propios: ampliar capital, converter obrigas en accións,.. É difícil pola desconfianza dos investidores.

Demasiada solvencia: Non é un problema, pero convén analizar se se manteñen activos pouco rendibles.

Hai que saber analizar os ratios. O seu valor dependerá moito do tipo de empresa, do sector de actividade,.... De todos xeitos, e xeneralizando, hai que lembrar que:

- O Fondo de manobra debe ser positivo: Activo corrente > Pasivo corrente.**
- Os Debedores comerciais + Efectivo = Pasivo corrente**
- O Activo corrente debe ser aproximadamente do dobre do Pasivo corrente.**
- O Activo debe ser maior que o Pasivo (débedas).**
- O Patrimonio neto debe supoñer a metade (entre un 40% e un 60%) de todo o financiamento. Polo tanto, as débedas (Pasivo) non deben superar o 60% de todo o financiamento da empresa.**

EXEMPLO: Partimos dun sinxelo balance (en miles de euros) para realizar a análise:

ACTIVO		PATRIMONIO NETO E PASIVO	
ACTIVO NON CORRENTE	1.600	NETO PATRIMONIAL	1.100
Inmovilizado intanxible	400	Capital	700
Propiedade industrial	300	Reservas	300
Aplicacións informáticas	100	Resultados do exercicio	100
Inmovilizado material	1.100	PASIVO NON CORRENTE	700
Edificios	1.000	Empréstitos a l/p.	650
Maquinaria	400	Provedores do inmob. a l/p	50
A. Acum. Inm. Material	-300		
Investimentos financeiros a longo prazo.	100		
Inv. financeiros permanentes	100		
ACTIVO CORRENTE	1.000	PASIVO CORRENTE	800
Existencias	120	Provedores	700
Mercadorías	120	Acredores diversos	100
Debedores comerciais	480		
Clientes	480		
Efectivo e outros act. líquidos.	400		
Bancos	400		
TOTAL ACTIVO	2.600	TOTAL PASIVO E NETO	2.600

Fondo de manobra = activo corrente - pasivo corrente = 1.000 – 800 = 200 miles euros.

LIQUIDEZ

Cando nos referimos a liquidez, centrámonos no estudo da capacidade da empresa de poder facer fronte ás súas obrigas a curto prazo.

$$\text{Ratio de liquidez} = \frac{\text{Activo corrente}}{\text{Pasivo corrente}} = \frac{\text{Existencias + realizable + efectivo}}{\text{Pasivo corrente}}$$

Compárase o activo corrente co pasivo corrente, tamén se coñece como a ratio de fondo de manobra ou solvencia a curto prazo. O valor da ratio debe ser **maior que 1 e próximo a dous**, para afastarse do risco de concurso. Se o valor é maior de 2 pode significar que se teñen activos correntes ociosos e a conseguinte perda de rendibilidade.

No exemplo:

$$\text{Ratio de liquidez} = \frac{\text{Activo corrente}}{\text{Pasivo corrente}} = \frac{400 + 480 + 120}{800} = 1,25$$

A empresa ten un ratio de liquidez normal. Se fose baixo, debería adoptar medidas para incrementar os seus investimentos en activo corrente (por exemplo, en existencias) e conseguir a súa realización a través de maiores vendas. Por outra banda, podemos observar que este ratio fai referencia ao fondo de manobra ou de rotación: o fondo de manobra permite á empresa unha cobertura financeira suficiente para non depender excesivamente do pasivo corrente e, polo tanto, das necesidades de liquidez que a devandita dependencia orixina. A empresa atópase nunha situación de equilibrio financeiro normal. É solvente a curto prazo.

$$\text{Ratio de tesourería} = \frac{\text{Realizable + Efectivo}}{\text{Pasivo corrente}}$$

O valor de referencia está **entre 0,8 e 1**

Tamén chamado de liquidez inmediata, este ratio expresa a dependencia da empresa do mercado, xa que non necesita vender parte das súas existencias de forma precipitada e verse obrigada a vender a menor prezo.

No exercicio:

$$\text{Ratio de Tesourería} = \frac{\text{Realizable + Efectivo}}{\text{Pasivo corrente}} = \frac{480 + 400}{800} = 1,1$$

A empresa non vai ter problemas á hora de atender as súas obrigas a curto prazo. Se o seu valor estivese por debaixo de 1, podería ter certas dificultades de liquidez e, de non conseguir vender as mercadorías, en pouco tempo podería chegar a unha situación de concurso.

$$\text{Ratio de dispoñibilidade} = \frac{\text{Efectivo}}{\text{Pasivo corrente}}$$

As empresas, intentan manter un saldo de dispoñibilidade **o máis reducido posible**. Aínda que o valor óptimo deste ratio dependerá do tipo de empresa, poderíamos consideralo normal cando o seu valor estea comprendido entre 0,2 e 0,3. É dicir, os fondos máis líquidos da empresa (caixa e bancos) deben supoñer entre o 20% e o 30% do importe da débeda a curto prazo (pasivo corrente).

Se o seu valor é maior, a empresa terá exceso de dispoñible ou, o que é o mesmo, ten recursos ociosos (mal utilizados) posto que estas partidas achegan escasa rendibilidade.

No exemplo:

$$\text{Ratio de dispoñibilidade} = \frac{\text{Efectivo}}{\text{Pasivo corrente}} = \frac{400}{800} = 0,5$$

Este ratio é aceptable en principio, porque cobre nun 50% todas as obrigas de pagamento inmediatas que ten a empresa. Non obstante, podería correr o risco de ter recursos ociosos, é dicir, demasiado diñeiro en caixa e en bancos, inactivo. Este posible exceso de tesouraría, poderíao empregar noutros activos circulantes con maior rendibilidade (bonos e letras, imposicións a curto prazo, etc.).

SOLVENCIA

$$\text{Ratio de garantía} = \frac{\text{Activo}}{\text{Pasivo}} = \frac{\text{Activo}}{\text{Pasivo non corrente + Pasivo corrente}}$$

Valor de referencia >1

Mide a distancia á fase do concurso de liquidación da empresa (á quebra). Analiza a garantía que ofrece a empresa aos seus acredores. A seguridade será maior canto maior sexa a ratio.

No noso exemplo:

$$\text{Ratio de garantía} = \frac{\text{Activo}}{\text{Pasivo}} = \frac{2.600}{1.500} = 1,73$$

A empresa atópase lonxe da situación concurso de liquidación (quebra), pois o valor do activo case duplica o importe das débedas esixibles.

$$\text{Ratio de calidade da débeda} = \frac{\text{Pasivo corrente}}{\text{Pasivo}} = \frac{\text{Pasivo corrente}}{\text{P. corrente} + \text{P non corrente}}$$

Canto menor sexa a ratio, significa que a débeda é de mellor calidade con respecto ao prazo.

No noso exemplo:

$$\text{Ratio de endebedamento a curto prazo} = \frac{\text{Pasivo corrente}}{\text{Pasivo}} = \frac{800}{1.500} = 0,53$$

Neste caso a empresa tende a ter exceso de esixible a curto prazo.

Autonomía financeira = Recursos propios / Pasivo

Canto maior, máis autonomía (valores de referencia entre 0,8 e 1,5)

No noso exemplo:

$$\text{Ratio de autonomía financeira} = \frac{1.100}{1.500} = 0,73$$

Da ratio de autonomía dedúcese unha situación de dependencia do financiamento alleo (esixible) e particularmente, do endebedamento a curto prazo.

$$\text{Ratio de inmovilizado} = \frac{\text{Activo non corrente}}{\text{Patrimonio neto} + \text{pasivo non corrente}}$$

Valor de referencia <1

No noso exemplo:

$$\text{Ratio de inmovilizado} = \frac{1.600}{1.800} = 0,88$$

O financiamento do inmovilizado da empresa é correcto.

6. Ciclo de explotación e período medio de maduración (concepto, subperíodos que o compoñen e interpretación).

É o tempo que tarda a empresa en recuperar o diñeiro investido no proceso produtivo: os días que tardan os elementos de circulante completan o ciclo de explotación. O ciclo de explotación dunha empresa industrial sería o tempo transcorrido desde que se inviste na adquisición dunha materia prima ata que, unha vez transformada nun produto rematado, véndese e cóbrase:



Período Medio de Maduración **económico** = Período medio de aprovisionamento (tempo medio que están as materias primas no almacén) + Período medio de produción (tempo que de media se tarda en transformas as materias primas en produtos rematados) + Período medio de venda (tempo que se tarda en vender os produtos rematados) + Período medio de cobro (tempo medio que se tardan en cobrar as vendas aos clientes)

Período Medio de Maduración **financeiro** = Período medio de aprovisionamento + Período medio de produción + Período medio de venda + Período medio de cobro – **Período medio de pagamento aos provedores.**

7. Análise económica ou de rendibilidade ratios de rendibilidade da empresa (rendibilidade económica e rendibilidade financeira).

O **equilibrio económico** medirémolo a través da Conta de Perdas e Ganancias.

A análise da formación de resultados:

Resultado de explotación (BAIT) = ingresos de explotación - gastos de explotación

Resultado financeiro = ingresos financeiros - gastos financeiros

Resultados antes de impostos = resultado de explotación + resultado financeiro

Resultado del ejercicio (BN) = resultado antes de impostos - impostos

EBITDA son las siglas en inglés de Earnings Before Interests, Taxes, Depreciations and Amortizations. Por tanto, trátase do resultado antes de: xuros, impostos, depreciacións e amortizacións. É un indicador moi utilizado, especialmente por la prensa económica, como referencia sobre a actividade das empresas.

Tomando como referencia a Conta de Perdas e Ganancias, o EBITDA calcúlase partindo del Resultado de explotación ao que tamén se denomina Earnings Before Interests, Taxes (EBIT) ao que se suman amortizacións e provisións.

EBITDA = EBIT + AMORTIZACIÓN + PROVISIÓN

O EBITDA mide a capacidade de la empresa para xerar beneficios considerando só a súa actividade produtiva. Considérase que os xuros que paga unha empresa dependen do seu nivel de endebedamento e dos tipos de xuro vixentes. Por outro lado, as amortizacións dependen do valor contable dos investimentos realizados e dos criterios de amortización aplicados. Por último, os impostos dependen dos xuros e das amortizacións e, por suposto, da normativa vixente, co cal tamén varían en función de criterios alleos ao negocio. Polo tanto, o EBITDA, ao eliminar esas "distorsións", permite unha comparación máis homoxénea entre empresas no que se refire á actividade de explotación.

O beneficio debe ser suficiente para remunerar aos /ás accionistas con retribucións equivalentes á dos mercados e realizar unha política de autofinanciamento para o desenvolvemento financeiro (estudio de rendibilidade)

NOME	RATIO	INTERPRETACIÓN
RENDIBILIDADE ECONÓMICA	$\frac{\text{BAI}}{\text{ACTIVO}}$	BAI= Beneficio antes de intereses (xuros) e impostos ou resultado de explotación. É o rendemento dos investimentos, a capacidade do activo para producir beneficios, independentemente da forma de financiamento, por iso non se consideran os gastos financeiros. O que se gaña de beneficio (beneficio sen imposto de beneficios e sen resultados financeiros) por cada euro investido en activos, sen importar como se financiaron eses activos.
RENDIBILIDADE FINANCEIRA	$\frac{\text{Beneficio neto}}{\text{Patrimonio neto}}$	O Beneficio neto é o Resultado do Exercicio. A Rf é a rendibilidade dos recursos propios, o que se gaña de beneficio neto por cada euro investido polos donos da empresa

EXEMPLO:

A empresa NEXUS presenta os seguintes gastos e ingresos correspondente ao ano 2008, todos eles expresados en miles de euros:

Compras de mercadoría 5.200, subministracións 800, intereses de empréstitos 1.610, gastos de amortización 700, gastos de persoal 2.000, vendas de mercadorías 12.500, outros ingresos financeiros 10

Ademais, a situación patrimonial da empresa NEXUS ao 31 de decembro de 2008 é a seguinte:

ACTIVO		PATRIMONIO NETO + PASIVO	
Activo non corrente	12.000	Patrimonio neto	7.150
Activo corrente	11.750	Pasivo non corrente	10.950
		Pasivo corrente	5.650
Total activo	23.750	Patrimonio neto + pasivo	23.750

Supoñendo que o tipo impositivo correspondente ao imposto de sociedades é do 30%, pídese calcular a rendibilidade económica e a rendibilidade financeira.

PERDAS E GANANCIAS	
Ingresos de explotación	
Vendas de mercadorías	12.500
Gastos de explotación	
Compras de mercadorías	-5.200
Subministracións	-800
Soldos e salarios	-2.000
Gastos de amortizacións	-700
RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN	3.800
INGRESOS FINANCIEROS	
Ingresos financeiros	10
GASTOS FINANCIEROS	
Intereses de empréstitos	-1.610
RESULTADOS FINANCIEROS	-1.600
RESULTADOS ANTES DE IMPOSTOS	2.200
Imposto Sociedades. 30% S/ 1.000	-660
RESULTADO DO EJERCICIO	1.540

Rendibilidade económica:

Bail 3.800

$$RE = \frac{\text{Bail}}{\text{Activo}} = \frac{3.800}{23.750} = 0,16 \rightarrow 16\%$$

Activo 23.750

O rendemento do activo da empresa foi do 16%. Por cada 100 € de investimento (activo) producíronse 16 € de beneficio económico ou de explotación (Bail).

Rendibilidade financeira

Beneficio neto 1.540

$$RF = \frac{\text{Beneficio neto}}{\text{Patrimonio neto}} = \frac{1.540}{7.150} = 0,2153 \rightarrow 21,53\%$$

Patrimonio neto 7.150

O rendemento dos recursos ou capitais propios foi do 21,53%. Por cada 100 € de recursos propios (neto) obtivéronse 21,53 € de beneficio neto.

8. A fiscalidade que afecta ás empresas: Tributos: concepto, clases. Impostos: concepto, clases (directos-indirectos, reais ou de produto, persoais ou sobre a renda), elementos (suxeito activo, suxeito pasivo, feito imponible, base imponible, tipo impositivo) e ámbito de xestión (estatal, autonómico e local). Fiscalidade do empresario individual: IRPF, IVE. Fiscalidade do empresario social: Imposto sobre sociedades e IVE.

TRIBUTOS

Un **tributo** é a obriga de contribuír ao sostemento dos gastos públicos nunha cantidade determinada. Clasifícanse en taxas, contribucións especiais e impostos. Os tributos son ingresos públicos de obrigado pagamento para o contribuínte por dispoñelo así unha lei.

Impostos	Son tributos esixidos sen contraprestación directa.
Taxas	En contraprestación dun servizo publico ou pola realización dunha actividade que beneficia directamente ao usuario.
Contribucións especiais	Cando unha obra supón un incremento de valor no patrimonio do contribuínte, aínda que beneficie a toda a colectividade.

ELEMENTOS TRIBUTARIOS: (SEGUNDO A LEI XERAL TRIBUTARIA)

Suxeitos

Contribuínte: É a persoa física ou xurídica a que recae o imposto.

Suxeito pasivo: É a persoa física ou xurídica que a lei obriga ao cumprimento das prestacións tributarias e as obrigas formais e materiais do imposto. Pode coincidir co contribuínte (por exemplo no IRPF) ou non (como por exemplo no IVE que o suxeito pasivo é a empresa e o contribuínte é o consumidor).

Suxeito activo: Unha administración pública.

Feito Impoñible: É o que dá lugar ao nacemento do imposto (obtención de renda, compra dun ben,...).

Base imponible: É a cantidade en que se cuantifica o feito imponible.

Tipo de gravame ou tipo impositivo: É a porcentaxe que en cada caso se aplica á base liquidable para calcular a cota do imposto. Por exemplo, no IVE, o tipo de gravame xeral é o 21%. O tipo impositivo pode ser progresivo ou proporcional.

Cota tributaria: É o resultado de aplicar á base liquidable, o tipo de gravame.

Débeda tributaria: Configúrase pola cota tributaria así como polas recargas que sexan esixibles sobre as cotas, como o xuro de mora, as costas... etc.

CLASES DE IMPOSTOS

Os impostos son tributos esixidos sen contraprestación directa, nace como consecuencia da obtención de rendas e o gasto destas. O seu importe depende da capacidade contributiva do contribuínte. De feito, na Constitución Española (artigo 31.1) indícase que **todos** os cidadáns estamos obrigados a contribuír pero non na mesma proporción, se non **segundo a nosa capacidade económica**. Isto lévanos a preguntarnos como medir a capacidade económica dunha persoa. Esta pódese calcular:

- Directamente: calculando a súa **riqueza** ou a **renda** que gaña
- Indirectamente: segundo o que **consume**

Por iso, unha das clasificacións máis usuais dos impostos é a que diferenza entre impostos directos e indirectos.

Directos e indirectos	Os impostos directos gravan a riqueza en se mesma, a posesión dun patrimonio ou a obtención dunha renda, en canto reflicten directamente a capacidade económica do individuo. Por exemplo, IRPF é directo. Os impostos indirectos gravan manifestacións indirectas da capacidade económica, como son a circulación ou o consumo. Por exemplo, o IVE.
Progresivos e proporcionais	Son progresivos os que se gravan con maior tipo impositivo canto maior é a capacidade económica. Os proporcionais se o tipo impositivo é o mesmo sexa cal sexa a capacidade económica do suxeito pasivo.
O ámbito de xestión	Estatal, autonómico, local,... e europeo.

FISCALIDADE DAS EMPRESAS

A fiscalidade que deben soportar as empresas depende da forma xurídica destas. Os principais impostos aos que **están suxeitas as empresas son os seguintes:**

Fiscalidade das empresas individuais:	Fiscalidade das sociedades:
IRPF	Imposto sobre sociedades
IVE	IVE
	IAE

O **Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados** gravaba (feito imponible) calquera operación societaria: a constitución, ampliacións de capital, fusións,...) pero están exentas desde o ano 2010.

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF)

Imposto de carácter directo, progresivo e persoal que grava a obtención de renda por parte de persoas físicas de acordo coa súa natureza e as súas circunstancias persoais e familiares.

Constitúe o obxecto deste imposto a renda do contribuínte, entendida como a totalidade dos seus rendementos e as ganancias e perdas patrimoniais.

O feito imponible é a obtención de renda polo contribuínte. Compoñen a renda do contribuínte a suma de:

- Os rendementos do traballo.
- Os rendementos do capital inmobiliario.
- Os rendementos do capital mobiliario (intereses de contas bancarias, dividendos..).
- Os rendementos das **actividades económicas** (por conta propia).
- As ganancias e perdas patrimoniais.

O apartado que atinxe especialmente á empresa é o de rendementos das actividades económicas, que inclúe os beneficios obtidos polas empresas individuais. Hai dous sistemas para calcular a base imponible: a estimación directa e a estimación obxectiva. Se o empresario opta pola **estimación directa** calculará o beneficio da actividade segundo os ingresos e os gastos necesarios para obtelos e debe levar a contabilidade correspondente. A **estimación obxectiva** serve para calcular o rendemento de pequenas empresas segundo algúns módulos determinados polo Ministerio de Facenda como número de traballadores, quilovatios instalados, superficie dos locais,... Neste caso non é necesario levar libros de contabilidade.

IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

O Imposto sobre Sociedades é un imposto de carácter directo, proporcional e persoal que grava a renda das sociedades e demais persoas xurídicas.

A base imponible está formada polo rendemento obtido, que se calcula por diferenza entre os ingresos obtidos e os gastos necesarios para obtelos e polas variacións no patrimonio, que se calcula pola diferenza entre o prezo de venda e o prezo de compra dos activos.

O tipo impositivo xeral aplicable dende a reforma do 2008 é do 28% no exercicio 2015 (antes era do 30%). Algunhas sociedades teñen tipos inferiores. Por exemplo as PEMES con facturación inferior a 8 millóns de euros teñen un tipo do 25% para os primeiros 120.202,41 € de base imponible e do 30% para o resto. As cooperativas especialmente protexidas tributan ao 20%.

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)

Imposto indirecto e proporcional que grava o consumo final de bens e servizos. É indirecto pois grava o consumo que é unha forma indirecta de medir a capacidade tributaria dunha persoa. É proporcional, sendo o tipo xeral do 21%, o reducido do 10% e do superreducido do 4%.

O feito imponible está formado polas entregas de bens e prestacións de servizos realizadas por empresarios ou profesionais. Para igualar a carga tributaria de todas as mercadorías, tamén se someten a gravame as importacións (tanto de países da Unión Europea como as de fóra).

A base imponible do IVE está constituída polo importe total da contraprestación das operacións suxeitas ao mesmo.

Aínda que o suxeito pasivo sexan empresas e profesionais, é un imposto que recae sobre o consumidor porque as empresas e profesionais poden repercutir o IVE aos seus clientes. O IVE é neutro para as empresas, que actúan como recadadoras do imposto. As empresas repercuten o IVE nas vendas e soportan o IVE nas súas compras e gastos. A diferenza será o importe a ingresar en ou a devolver por Facenda.

IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

Imposto directo e municipal que grava a mera realización dunha activade económica (feito imponible).

Actualmente a incidencia deste imposto reduciuse moito posto que hai unha exención para os suxeitos pasivos a cifra neta dos cales de negocio sexa inferior a 1.000.000 € e para as persoas físicas.